

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Ignacio
Abella



REGRESO A LOS BOSQUES. Integral, 2020.

O libro contén poesías, lendas, cancións e actividades para regresar á esencia dos bosques da man do inspirador e entrañable de Ignacio Abella. Recuperemos o vínculo coa natureza, tan necesaria para devolver a vitalidade á Terra e para relacionarnos de forma saudable coa nosa contorna. Está adicado a ensinantes e aprendices que desexen iniciar o camiño de volta ao medio natural.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Oleiros, Ribadumia](#)

ENTRE PINOS Y SEMBRADOS: EL RASTREO DE FAUNA Y OTRAS CURIOSIDADES DE LA NATURALEZA CONTADAS A LOS NIÑOS.

Tundra, 2020.

O autor, a través dos diálogos co seu fillo durante excursións e saídas ao campo, vai descubriendo aos mozos/as e aos non tan novos lectores algunhas das claves e os múltiples detalles a ter en conta para rastrexar a fauna silvestre, así como moitos outros aspectos da ecoloxía, a flora e os ecosistemas do noso ámbito.



Víctor
Quero
García

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)





Teachers
for Future
Spain



28.000 POR EL CLIMA. Teachers for Future Spain, 2024.

O título fai referencia aos 28.534 centros educativos que hai no noso país. Como exemplo de sustentabilidade, colaboración e acción polo medio ambiente, unha sociedade máis xusta e equitativa sería posible co traballo de todos eles. Contén convites á acción con propostas como recreos residuos cero, ecocomedores, mobilidade escolar activa e autónoma, enerxía e pegada de carbono, reverdecer o centro educativo, arte climática ou a compostaxe nas escolas.

Descárgao en



<https://acortar.link/6UZokn>

GUÍA PARA PROFESORADO. PROGRAMA GUSARAPO. Confederación Hidrográfica del Cantábrico, 2024.

Esta guía forma parte do programa de educación ambiental Educantábrico, dirixido a estudantes de 3º a 6º de Primaria de todos os centros educativos de Asturias e Cantabria. O obxectivo fundamental é sensibilizar ao alumnado sobre a importancia dos ecosistemas fluviais para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. A guía inclúe información sobre os ríos, os usos da auga, os problemas de conservación da auga, ou a protección, entre outros.



Confederación
Hidrográfica
del Cantábrico

Descárgao en



<https://acortar.link/1ArYWC>



Varios
autores



CULTIVANDO SABERES. GUÍA EDUCATIVA PARA EL HUERTO ESCOLAR EN EDUCACIÓN PRIMARIA. Justicia alimentaria, Asociación El Brote, Iniciativas Socioambientales Germinando, 2024.

A guía conta cun apartado de recursos relacionados co horto escolar para calquera materia, con ligazóns directas aos documentos ou páxinas de referencia. Cada actividade detalla o estímulo ou reto que expón, o seu obxectivo e a duración e temporalidade. De grande utilidade para os equipos docentes que xa desenvolven proxectos de horto escolar e, á vez, sirve de motivación para quen se quere iniciar neste estimulante camiño.


Descárgao en



<https://acortar.link/SGmBH8>

GUÍA DE EXPERIMENTOS. Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico Agencia Estatal de Meteorología Madrid, 2022.

Con estes experimentos a AEMET tenta achegar a ciencia meteorolóxica ás escolas e aos fogares, pretende que calquera persoa comprenda un pouco mellor a atmosfera que nos rodea, na que estamos inmersos e da que dependemos dalgún modo. Están acompañados das correspondentes explicacións o cal permitirá, a todos aqueles que as realicen, comprender o que está a pasar e por que.



AEMET

Descárgao en



<https://acortar.link/yAbMKr>



Varios
Autores



O FIRMAMENTO ANIMADO. Agrupación Coruñesa Ío, Universidade de Santiago de Compostela, 2023.

Material didáctico de astronomía dirixido a nenos e nenas de educación infantil e primeiros cursos de primaria. Contén tres apartados: unha guía didáctica con recomendacións para o seu uso, unha guía astronómica para introducirse nos coñecementos básicos de astronomía sobre as constelacións, e contos con ilustracións que nos transportan a unha viaxe máxica polo firmamento, percorrendo 10 constelacións que representan animais visibles desde Galicia.


Descárgao en



<https://acortar.link/ipWtQr>

BEEBEE: ¡TODOS A UNA! Josefinailu, 2024.

Un conto co que ensinar aos máis pequenos a importancia do traballo en equipo mentres aprenden valores ambientais. A manzanilla real da serra atópase en perigo de extinción e todas as abellas reúnense para atopar unha solución. Inclúe unha sección con curiosas preguntas e respostas do mundo das abellas e xogos didácticos.



Patricia
Serrano
Bosquet,
Juan Linaza
Sebastián,
Josefinailu

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)



M^a José Ferrada,
Miguel Pang Ly



EL ÁRBOL DE LAS COSAS. Abuenpaso, 2022.

Un día María descobre no seu xardín unha curiosa árbore, a árbore das cousas. E desde ese momento non pode deixar de facerse preguntas. Este libro propón un percorrido por un xardín e polos misterios da vida da man da palabra poética de María José Ferrada e das ilustracións de Miguel Pang Ly, que poboan o xardín de criaturas curiosas e cheas de vida.

En préstamo en




Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Santiago.Poio.Vigo.Melide](#)

Bibliotecas Universitarias: [UDC](#)

HÁBITATS DEL MUNDO: UN VIAJE POR LO ECOSISTEMAS DE LA TIERRA. Dorling Kindersley, 2023.

Este libro mostra como a vida na Terra está interconectada e entretexida nun delicado equilibrio. Unha viaxe ilustrada a través dos hábitats máis sorprendentes da Terra, desde bosques e océanos ata desertos e polos xeados. Explora os principais ecosistemas e as diferentes comunidades de animais e plantas que viven en cada un. Perfecto para que nenos e nenas descubran a increíble diversidade de vida no noso planeta.



John Woodward

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Vigo](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS PARA TODA A CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS DIRIXIDOS A CENTROS EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>